


# Condicións do Campamento Explora Ourense 2016



## 1. Introducción

O campamento de verán Explora Ourense; un proxecto lúdico e educativo que inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes, actividades ó aire libre, xogos, xogos de sala, artísticas e calquera outra que contribúa a ese obxectivo. O campamento distribuirase en 2 quendas que terán lugar nas seguintes datas:

- **Primeira quenda: do 1ao 7 de agosto ( nenos/as do ano: 2001-02-03-04)**
- **Segunda quenda: do 8 de agosto ó 14 de agosto ( nenos/as do ano: 2005-06-07)**

## 2. Lugar de realización

Nas instalacións do Complexo do Corgo, en Muiños.

## 3. Actividades

- - Xogos e deportes
- - Actividades náuticas
- - Actividades ó aire libre, de natureza e sobre o medio natural
- - Actividades artísticas
- - Actividades nocturnas
- - Teatro e contacontos
- - Baile, actividades culturais

## 4. Destinatarios

Rapaces e rapazas que teñan o seu domicilio habitual en calquera dos concellos da provincia de Ourense (**feito que se acreditará mediante un certificado ou volante de empadramento**), nados entre os anos 2001 e 2007, ambos os dous incluídos.

## 5. Solicitude de prazas

Poderanse solicitar as prazas mediante a entregada dunha folla de solicitude dende o **2 de xuño ata o 20 de xuño** no rexistro da Deputación Provincial de Ourense.

As follas de solicitude poden obterse no rexistro provincial ou na web [www.exploraourense.com](http://www.exploraourense.com)

## 6. Sorteo das prazas

O sorteo de prazas, para as persoas que fixeran a solicitude ata o 20 de xuño realizarase o **martes 28 de xuño ás 11 horas no salón de actos do Centro cultural Marcos Valcarcel** e será **aberto ao público**. Tamén poderá ser seguido mediante a web da Deputación de Ourense.

Os resultados serán comunicados por email a todos/as as solicitantes das prazas.

## 7. Adxudicacións

As prazas adxudicaranse mediante sorteo, no que se terá en conta o seguinte:

1. Realizaranse 2 sorteos equivalentes ás 2 quendas seleccionadas por grupos de idades ata establecer unha orde de todas as solicitudes realizadas. Desta forma, estableceranse os adxudicatarios provisionais das 25 prazas de cada quenda e a lista de espera do resto das solicitudes.
2. Cando un ou unha menor obteña praza e teña irmáns, estes/as tamén obterán praza en caso de estar no mesmo grupo de idade, co obxectivo de favorecer a conciliación familiar.

## 8. Inscripcións

Unha vez sendo adxudicatario/a, deberán entregar a seguinte documentación no Rexistro da Deputación de Ourense.

**1. Folla de inscrición**, na que se deben cubrir os datos do/a neno/a, xunto cos seus datos médicos (alerxias, enfermidades e outras, especificando as enfermidades infectocontaxiosas que os/as responsables do campamento deberán ter en conta á hora de tratar aos/ás menores. Será enviada unha vez resulten adxudicatarios/as da praza.

Deberase presentar unha folla por neno/a.

É importante non omitir ningún dato, xa que afectan á organización das quendas de campamentos en canto a adquisición de alimentos para os/as alérxicos/as, informar dos tratamentos aos/ás

monitores/as, etc.

2. Certificado de pagamento da inscrición. Deberán facer o pago da inscrición no número de conta da Deputación Provincial de Ourense

Abanca ES65 2080 0400 1131 10000025

3. Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a.

4. Fotocopia do DNI do/a menor ou, no caso de que non o teña, do libro de familia.

5. Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado do/a menor.

6. Certificado ou volante de empadramento.

7. Certificado médico en caso de alerxias ou de estar seguindo calquera tratamento.

### **9. Prezo**

O prezo será de **88 euros por neno/a**.

### **10. Lugar de recollida dos impresos**

Os impresos estarán dispoñibles para a súa descarga na web [www.exploraourense.com](http://www.exploraourense.com), no Rexistro da Deputación Provincial de Ourense.

### **11. Lugar de presentación**

As solicitudes e a documentación requirida deben presentarse no Rexistro da Deputación Provincial de Ourense.

### **12. Prazo de presentación das inscricións**

O prazo de **presentación das inscricións comezará o día 29 de xuño ata o día 5 de xullo**.

### **13. Devolución da cota**

Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Organización anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

Para estes efectos, as persoas interesadas disporán dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación na documentación que lles será remitida ao seu enderezo electrónico.